

Pola presente e vistas as condicións meteorolóxicas actuais e as predicións a curto e medio prazo,

DISPOÑO

Declarar o inicio do horario de alto risco, dende o mércores 24 de abril (incluído) para o persoal laboral dos Servizos de Prevención de Incendios Forestais.

Este acordo aplícaselle, de xeito temporal, a todo o persoal que ocupe postos clasificados de funcionario nas Relacións de Postos de Traballo da Consellería de Medio Rural da Xunta de Galicia, con independencia de que o seu vínculo sexa de persoal funcionario ou de persoal laboral, e que preste os seus servizos en réxime de quendas nos diferentes centros de traballo adscritos ao Dirección Xeral competente en materia de prevención e extinción de incendios forestais.

Queda excluído deste acordo o persoal que ocupe postos da escala de Axentes Facultativos Ambientais, Axentes Forestais, o persoal técnico e calquera outro persoal que conte con regulación propia.

O que se comunica aos efectos oportunos.

Santiago de Compostela, na data da sinatura dixital
O director xeral de Defensa do Monte
Manuel Rodríguez Vázquez

**XEFATURAS PROVINCIAIS DE PREVENCIÓN DE INCENDIOS FORESTAIS
XEFATURAS TERRITORIAIS DA CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL
SECRETARÍA XERAL TÉCNICA DA CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL**

